

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE UN (1) OPERARIO CONDUTOR DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE PARADELA, EN CUMPRIMENTO DA SEGUNDA ADDENDA E O CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PARADELA, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020. ACTUACIÓN VEHÍCULO MOTOBOMBA 2021.**

## **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal de un (1) Operario condutor do vehículo motobomba do Concello de Paradela, en cumprimento da segunda addenda ao convenio interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural, por un período de tres meses.

O persoal contratado dedicárase:

De acordo coa segunda addenda e o convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Paradela, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dun vehículo motobomba.

O vehículo motomba integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúa a entidade local, priorizando a actuación do vehículo motobomba na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

Respecto a xornada dos operarios condutores, segundo o establecido no mencionado convenio que literalmente dí así: “Manter operativos os vehículos motobombas durante a vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexan requerido/s para a extinción destes”.

A convocatoria e as bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)).

## **2. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



- Ter cumpridos dezaioito anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. Os aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.
- Permiso de conducir C.
- Coñecemento da lingua galega: C2

Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. Polo tanto, que non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA 2, deberá superar unha proba que consistirá na tradución dun texto sobre o coñecemento do idioma galego, con cualificación de apto/non apto, con carácter eliminatorio.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do/a/s solicitante/s o día de presentación da instancia, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo.

### **3. SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

A selección do persoal a contratar levarase a cabo pola presentación de instancia mediante o modelo que figura no anexo I das presentes bases, dirixido ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Paradela, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas de luns a venres, poderanse así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 2 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do





Concello de Paradela e na súa páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es). Cando as solicitudes se presenten fora do rexistro do Concello de Paradela, co fin de axilizar os trámites, deberase remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao Concello de Paradela (982541232) ou ao correo electrónico [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es) comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Os candidatos/as deberán acompañar xunto coa instancia (modelo anexo I), a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, obxecto de valoración no procedemento de selección (relacionándose no anexo II), xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade.

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de 1 día que conterà:

- A lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es).

2.- Concederase un prazo de 1 día contado a partir do seguinte ao da publicación da resolución para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos, na que se publicará a composición do tribunal, data e hora na que se constituirá.

3. No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

4. Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es) da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se produciase a súa desestimación presunta.

#### **4. ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

Constituirase un órgano de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a



ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)).

## 5. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

O sistema de selección dos aspirantes será o concurso, tendo en contás á brevidade dos prazos para o inicio da operatividade do vehículo motobomba, debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos/as candidatos/as será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida.

### 5.1. Fase de concurso:

#### BAREMO DE MÉRITOS QUE REXERÁ A FASE DE CONCURSO.

**A puntuación máxima do curso establece en 5 puntos.**

##### 1. Experiencia profesional, ata un máximo de 3 puntos:

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate - excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Paradela, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e informe de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,10 puntos por mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar informe de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo



subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

**2. Formación:** Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

-Cursos de máis de 100 horas: 1 punto

-Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos.

-Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de 10 a 40 horas: 0,25 puntos.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

## 6. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O resultado final do proceso será a suma dos méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

Puntuación pola orde dos méritos ( Do 1 ao 2).

Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará a relación de aspirantes ao posto de traballo, coa puntuación provisional acadada, pola orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es); os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto.

Non obstante, para o caso de que se produza renuncia dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc, o órgano de selección elaborará unha lista de reserva, co fin de asegurar a cobertura dos postos.

## 7. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O/as aspirantes proposto/as achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba



física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación. Igualmente os/as aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico-practico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes do equipo do vehículo motobomba xa o recibisen en anos anteriores.

O/a que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de reguladora das bases de réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984 de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procesos de selección dos funcionarios da administración local; Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria, bases e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como da actuación do órgano de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

**En Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.**

**Alcalde-Presidente,**

**Documento asinado ao marxe electronicamente**



## ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, data de nacemento \_\_\_\_\_ e domicilio para efectos de notificación en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ e número de teléfono \_\_\_\_\_ estando en coñecemento do proceso de selección convocado polo Concello de Paradela e publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), para a provisión de un (1) posto de traballo de Operario conductor do vehículo motobomba do Concello de Paradela en cumprimento da segunda addenda e o convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Paradela, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dun vehículo motobomba.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias dos postos de traballo.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan no Anexo II, que se achega á presente solicitude.

Polo exposto SOLICITO que se me admita a presente solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

O/A solicitante,

Asdo.: \_\_\_\_\_

### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámoslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicítanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámoslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatarios da información é o CONCELLO DE PARADELA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en C/ Cabaleiros de Santiago, 15. 27611. Paradela. LUGO ou a través do correo [dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org](mailto:dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org).



**ANEXO II (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)**

<b>EXPERIENCIA PROFESIONAL</b>				
<b>Servizos realizados como Operario condutor vehículo motobomba para a prevención e defensa contra incendios forestais.</b>				
<b>Categoría</b>	<b>Administracións Públicas/Entidades privadas</b>	<b>Duración contrato ou nomeamento</b>	<b>Data inicio</b>	<b>Data Remate</b>

<b>FORMACIÓN</b>			
<b>Denominación</b>	<b>Centro impartición</b>	<b>Duración</b>	<b>Data da formación</b>

**Data:**  
**O/A solicitante**  
**Asdo:**

